

DOMINGO XI ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA 2 Sam 12, 7-10. 13

Lectura do libro segundo de Samuel

Naqueles días, Natán díxolle a David: -"Ti es ese home. E isto di o Señor, Deus de Israel: Eu unxinte por rei de Israel e librei das mans de Saúl. Entregueiche a casa do teu señor e puxen as súas mulleres nos teus brazos. Fíxente dono de Israel e de Xudá e, por se fose pouco, deiche aínda outras cousas.

¿Por que, logo, despréza-la palabra do Señor, facendo o que el reproba? Mataches coa espada a Urías, o hitita, para casares coa súa muller. Matáchelo coa espada dos amonitas. Agora a espada non se afastará da túa casa. Visto que ti me desprezaches, tomando para ti a muller de Urías, o hitita. David díxolle a Natán: - "¡Pequei contra o Señor!" E Natán díxolle: - "O Señor perdoa o teu pecado e non morrerás.

SALMO RESPONSORIAL Sal 31, 1-2. 5. 7. 11

R/. (cf. 5c): Perdoa, Señor, a culpa do meu pecado.

Ditoso aquel a quen lle foi perdoada a súa culpa,
a quen lle foi enterrado o seu pecado.
Ditoso aquel a quen o Señor
non lle ten en conta o delicto,
o que non leva fraude no seu espírito.

Confeseiche o meu pecado,
non che escondín o meu delicto;
Dixen: "Vou confesa-la miña culpa ó Señor",
e ti perdoáchesme a culpa e o pecado.

Ti é-lo meu amparo: gárdasme dos perigos
e cinguesme co gozo do rescate.

Alegrádevos no Señor e reloucade os xustos,
aclamádeo tódolos rectos de corazón.

SEGUNDA LECTURA Gal 2, 16.19-21

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Gálatas

Irmáns: Como sabemos moi ben sabido que ninguén se xustifica polas obras da Lei senón pola fe en Xesús Cristo, chegámonos tamén nós a crer en Cristo Xesús, para sermos xustificadas pola fe en Cristo e non polas obras da Lei, porque polas obras da Lei non se vai xustificar ninguén. Porque precisamente pola Lei morrín á Lei, a fin de vivir para Deus. Fiquei crucificado con Cristo e vivo: mais xa non vivo eu; é Cristo quen vive dentro de min. E anque agora vivo unha vida mortal, vivo na fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min. Eu non boto a perde-la gracia de Deus. Pero, iso si, se a xustificación nos viñese da Lei, Cristo tería morto para nada.

EVANXEO Lc 7, 36 -- 8, 3 (longa)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, un fariseo convidou a comer a Xesús; e Xesús entrou na casa del e púxose á mesa. Unha muller, coñecida como pecadora na vila, sabedora de que estaba alí, levou un frasco de alabastro con perfume de mirra, botouse por detrás ós pés del chorando, e comezou a regarllas coas bágoas; secáballos cos cabelos da súa cabeza e bicáballos mentres llos unxía co perfume.

Vendo aquilo, o fariseo que o convidara dixo para si: - Se este fose un profeta coñecería quen é, e que caste de muller é a que o está a tocar, unha pecadora. Xesús tomou a palabra e díxolle: - Simón, teño algo que che dicir. El contestou: - Pois dío, Mestre. - Un prestamista tiña dous debedores; un debíalle cincocentos denarios, e o outro cincuenta. Como non tiñan con que lle pagar, perdooulles ós dous. Ora, ¿quen deles o amará máis? Respondeulle Simón: - Supoño que aquel a quen máis lle perdoou. El contestou: - Ben dito. E volvéndose cara á muller, díxolle a Simón: - ¿Ti ves esta muller? Entrei na túa casa, e non me deches auga para os pés, pero ela regoumos coas súas bágoas e secoumos cos seus cabelos. Non me déche-lo bico, pero ela desde que entrou non parou de me bica-los pés. Non me unxíche-la cabeza con aceite, pero ela unxiume os pés con perfume. Por iso dígoche: moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra. E díxolle a ela: - Os teus pecados están perdoados.

Entón os demais convidados empezaron a comentar entre eles: - ¿Quen é este, que mesmo pretende perdoa-los pecados? Pero el díxolle á muller: - Salvoute a túa fe, vai en paz. Despois disto púxose a percorrer vilas e aldeas, predicando e anunciando a Boa Nova do Reino de Deus. Ían con el os Doce e mais algunhas mulleres que el curara de doenzas e de malos espíritos: María, chamada a Madalena, curada de sete demos, Xoana, a muller de Cusa, administrador de Herodes, Susana e outras moitas que o servían cos seus bens.